

## CONVOCATORIA DE BOLSAS DE VERÁN CITIUS DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN

O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS) oferta **10 bolsas de verán destinadas a estudantes de Grao ou Máster** que desexen realizar prácticas de iniciación á investigación no CITIUS.

### 1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxectivo atraer a estudantes de alto nivel interesados en realizar unhas prácticas formativas de iniciación á investigación. Os candidatos seleccionados integraranse nun proxecto de investigación nun dos Programas Científicos do CITIUS e participarán activamente nas actividades científicas do centro.

### 2. CARACTERÍSTICAS

As prácticas terán unha duración dun mes e desenvolveranse preferentemente **durante o mes de xullo de 2018**<sup>1</sup>. Os estudantes recibirán unha bolsa de **700 euros** e unha axuda para gastos de viaxe para os alumnos residentes fóra de Santiago (mediante a presentación de xustificantes, billetes): até 80€ para os alumnos residentes en Galicia e até 200€ para os alumnos residentes noutras comunidades autónomas<sup>2</sup>.

### 3. PROGRAMA FORMATIVO

Os candidatos terán asignado un proxecto de investigación nunha das áreas de investigación dos [Programas Científicos](#) do CITIUS baixo a supervisión dun investigador principal. Os alumnos adquirirán coñecementos e destrezas na área temática do seu proxecto de investigación. Tamén participarán nas conferencias e nos ciclos formativos do CITIUS<sup>3</sup>.

### 4. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

As bolsas de verán están destinadas a estudantes con interese en ter unha primeira experiencia en investigación e que cumpran cos seguintes requisitos académicos:

- Estudantes de Grao en Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Telecomunicación, Física, Matemáticas ou disciplinas afíns.
- Nota media igual ou superior a 8,0 (escala de 0 a 10) no expediente dos estudos de Grao e, de ser o caso, Máster.
- Ter finalizado o terceiro curso do Grao ou superados 140 créditos da titulación.

### 5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación das solicitudes farase a través de e-mail á dirección [citius.idi@usc.es](mailto:citius.idi@usc.es), indicando no asunto [BOLSAS DE VERÁN] antes do **2 de maio de 2018** ás 23h59.

<sup>1</sup> Poderá autorizarse certa flexibilidade nas datas de inicio e fin, sempre que se xustifique axeitadamente

<sup>2</sup> O CITIUS poderá xestionar a reserva de prazas nas residencias universitarias da USC, deducindo o gasto do importe final da bolsa

<sup>3</sup> Os solicitantes poderán indicar na súa carta de motivación se están interesados en realizar estudos de máster na USC, en mestrados afíns ás liñas de investigación do CITIUS

## 6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Formulario da convocatoria, dispoñible para descarga en: [citius.usc.es/verano](http://citius.usc.es/verano)
- Copia do expediente académico de Grao, Máster ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e a nota media até a data.
- CV do solicitante e copia da documentación xustificativa dos méritos alegados.

## 7. AVALIACIÓN

A prelación de candidatos farase en base á nota media dos expedientes dos solicitantes. A resolución publicarase na web do CiTIUS no prazo máximo dunha semana dende a data de peche da convocatoria.

## 8. CONTACTO

Para calquera aclaración, poderase contactar co Centro en [citius.idi@usc.es](mailto:citius.idi@usc.es) ou nos teléfonos 881.816.410 ou 881.816.403.

En Santiago de Compostela, a 04 de abril de 2018

Asdo.: Paulo Félix Lamas  
Director Comisario do CiTIUS